

**ORDE do 6 de maio de 2026 pola que se convoca a primeira edición do ano 2026 do Programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios detallistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Activa comercio. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. (Dog 96, 26/05/2026)**

**Obxecto**

O obxecto principal desta orde é a convocatoria da primeira edición do ano 2026 do Programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios detallistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Activa comercio.

De xeito máis detallado, esta iniciativa persegue as seguintes finalidades:

- Estimular a demanda das persoas consumidoras.
- Fortalecer e reactivar economicamente o comercio polo miúdo, promovendo as compras de bens en establecementos de proximidade.
- Dinamizar e visibilizar o comercio local mediante campañas específicas de incentivo

O código de procedemento é **CO301B**

**Requisitos de admisibilidade dos establecementos**

Poden participar os establecementos comerciais detallistas de Galicia. Tamén se inclúe a prestación de servizos vinculados ás epígrafes do IAE 972.1 e 972.2 (perruquería e institutos de beleza)

- As persoas ou entidades interesadas poden atopar a información necesaria e realizar os trámites correspondentes a través da páxina web oficial: [www.bonosactivacomercio.gal](http://www.bonosactivacomercio.gal).
- **Ferramenta de traballo:** Unha vez adheridos, para poder trocar os bonos e aplicar os descontos á clientela, os comerciantes teñen a obriga de **descargar no seu teléfono móbil a app "bonos Activa comercio"**.
- **Xestión de operacións:** A través da plataforma tecnolóxica do programa, os comerciantes terán acceso a un panel onde poderán **consultar o histórico das súas vendas**, os bonos que xa foron trocados e o estado dos pagamentos realizados pola entidade colaboradora.

## Operacións subvencionables

- **Compra de bens:** A adquisición de produtos en calquera dos **establecementos comerciais detallistas de Galicia** que estean adheridos ao programa.
- **Prestación de servizos específicos:** Tamén se inclúe a prestación de servizos vinculados ás seguintes epígrafes do Imposto de Actividades Económicas (IAE): 972.1 e 972.2

## Condicións e exclusións

- **Importes mínimos:** Para que unha operación sexa subvencionable mediante o troco do bono, a compra debe ser igual ou superior a **20 €** (IVE incluído).
- **Exclusión de compras en liña:** O programa especifica claramente que **non será aplicable o troco dos bonos para as compras realizadas a través de internet.**
- **Pagamento:** A persoa usuaria debe pagar o importe final da compra (unha vez aplicado o desconto) xa sexa en **efectivo ou con tarxeta** no propio establecemento.
- **Devolucións:** No caso de que se devolva un ben subvencionado, o comerciante non poderá devolver cartos en efectivo; a operación deberá cambiarse por outra compra de prezo igual ou superior ou por un vale sen caducidade

## Descontos dos bonos

Cada persoa beneficiaria poderá descargar un único bono cun valor de **ata 30 €**. O importe do desconto que se aplica en cada compra depende do valor total da mesma (co IVE incluído):

- **5 € de desconto:** en compras iguais ou superiores a 20 € e inferiores a 30 €.
- **10 € de desconto:** en compras iguais ou superiores a 30 € e inferiores a 50 €.
- **15 € de desconto:** en compras iguais ou superiores a 50 €.

## Prazo de adhesión para comercios

O prazo é dende o **27/05/2026** ata **15/12/2026**